

# AMOR POLO COMERCIO LOCAL 2022

## BASES

Iniciativa para o comercio local.

- Poderán participar tódolos autónomos e empresas asociadas a excepción da hostalería.  
**Os locais que decidan participar deberán de comunicalo antes do mércores 2 de febreiro ás 11:30h.**  
**Ese mesmo mércores 2 de febreiro publicárase o cartel definitivo no cal aparecerán cada un dos locais participantes.**
- A campaña comezará o martes 8 de febreiro e rematará o luns 14 dese mes.
- A cartelería física, na cal aparecerán os nomes dos participantes, entregárase entre o 6 e o 7 de febreiro.
- A directiva suministrará a cada local participante papeletas, as cales se entregarán aos clientes de maneira gratuita por compra realizada.  
Cada local participante deberá dispoñer dunha urna de cartón ou similar na cal se introducirán as papeletas cos nomes e contactos dos clientes.  
É indispensable anotar nas papeletas o contacto dos clientes para avisalo no caso de que sexan premiados.
- O martes 15 de febreiro a directiva recollerá as papeletas de cada un dos establecementos participantes.
- Sortearanse **10 de vales de compra por importe de 50€** cada un para mercar en calquera das 212 empresas asociadas antes do 31 de marzo de 2022.  
Cada vale consumirase como máximo en dous establecementos e deberá de recollese nas oficinas da Asociación de Empresarios a cada un dos 10 premiados.
- O mércores 16 de febreiro ás 12:30 h. realizarase un sorteo en directo dende as redes sociais da Asociación (Facebook).
- A directiva contactará con cada un dos 10 premiados entre o 16 e o 22 de febreiro.
- Os premiados recollerán os seus vales na oficina da Asociación sita na Rúa Pontevedra nº 9 entrechán de luns a venres de 09:30 a 15:00 h.
- A participación no concurso supón a aceptación das bases.

Santa Comba, 27 de xaneiro de 2021.

